



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Secretaría de Estado de I+D+i, dependente do Ministerio de Economía e Competitividade, vén de publicar no **BOE do pasado 18 de febreiro** dúas actuacións enmarcadas no Programa Estatal de Promoción do Talento e a súa Empregabilidade, dentro do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2013-2016, encamiñadas a potenciar a presenza de doutores en empresas. Trátase das **axudas para contratos Torres Quevedo** e a nova liña de **axudas para contratos para a formación de doutores en empresas “Doutorados industriais”**, correspondentes a 2014.

O obxectivo da **convocatoria Torres Quevedo** é a contratación de 200 doutores no sector privado. As axudas, cunha **duración de tres anos**, están destinadas a **empresas, centros tecnolóxicos, centros de apoio á innovación tecnolóxica, asociacións empresariais e parques científico-tecnolóxicos** para a **contratación de doutores** que desenvolvan proxectos de investigación industrial, de desenvolvemento experimental ou estudos de viabilidade previos, co fin de **favorecer a carreira profesional dos investigadores e estimular a demanda no sector privado de persoal suficientemente preparado para acometer plans e proxectos de I+D**. A contía das axudas determinarase en función do custo de contratación, do tipo de proxecto e do tipo de entidade, aplicando as intensidades máximas de axuda establecidas pola nova normativa comunitaria sobre axudas de Estado. A retribución bruta anual do investigador debe ser igual ou superior a 18.000 euros e o custo de contratación máximo financiable anual non poderá ser superior a 55.000 euros. As axudas deberán destinarse a cofinanciar o salario e a cota empresarial da Seguridade Social dos investigadores contratados.

Están excluídas desta convocatoria as entidades do sector público.

Pola súa banda, as **axudas para a formación de doutores en empresas “Doutorados industriais”** teñen como obxectivo a contratación de 50 investigadores predoutorais en empresas, mediante o cofinanciamento dos contratos laborais do persoal investigador en formación que participe nun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental que se desenvolve na empresa, no que se enmarca a súa tese de doutoramento. O obxectivo último é **favorecer a inserción laboral de investigadores nas empresas** dende o inicio das súas carreiras profesionais, **contribuír á empregabilidade destes investigadores e promover a incorporación de talento ao tecido produtivo para aumentar a súa competitividade**. Estas axudas terán unha **duración de catro anos** e abranguen tres conceptos: a axuda para o financiamento do contrato, a axuda para a realización de estadias en entidades de I+D e a axuda para financiar os gastos de matrícula no programa de doutoramento. A retribución salarial mínima que deberán percibir os investigadores en formación será de 16.422 euros brutos anuais e o custo da contratación máximo financiable anual por axuda será de 21.800 euros. Neste caso os beneficiarios son só empresas.

A **dotación orzamentaria total** de ambas convocatorias ascende a **18 millóns de euros**: 15 millóns para as axudas Torres Quevedo e 3 millóns para as axudas para doutorados industriais. O **prazo de solicitude** pecha o **25 de marzo para as axudas Torres Quevedo** e o **17 de marzo para as axudas para doutorados industriais**. Por primeira vez, ademais, incorporan unha reserva de financiamento para persoas con discapacidade. A cumprimentación e presentación das solicitudes deberá realizarse de forma telemática a través da **sé electrónica do Ministerio de Economía e Competitividade**.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.